

# **ESTATUTOS ASOCIACIÓN BIODIVERSIDADE**

<b>CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO</b>	<b>3</b>
Artigo 1.	3
Artigo 2.	3
Artigo 3.	3
Artigo 4.	4
Artigo 5.	5
Artigo 6.	5
<b>CAPÍTULO II. DAS PERSOAS ASOCIADAS</b>	<b>5</b>
Artigo 7.	5
Artigo 8.	6
Artigo 9.	6
Artigo 10.	6
Artigo 11.	6
Artigo 12.	6
Artigo 13.	7
Artigo 14.	7
<b>CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN</b>	<b>7</b>
Artigo 15.	7
<b>A. CONSELLO DIRECTIVO</b>	<b>7</b>
Artigo 16.	7
Artigo 17.	8
Artigo 18.	8
<b>B. ATRIBUCIÓN DOS CARGOS DO CONSELLO</b>	<b>9</b>
Artigo 19.	9
Artigo 20.	9
Artigo 21.	9
Artigo 22.	9
Artigo 23.	10
<b>C. ASEMBLEA XERAL</b>	<b>10</b>
Artigo 24.	10

Artigo 25.	11
Artigo 26.	11
Artigo 27.	11
<b>D. COMISIÓN CIENTÍFICA</b>	12
Artigo 28.	12
Artigo 29.	12
<b>CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO</b>	12
Artigo 30.	12
Artigo 31.	12
Artigo 32.	13
Artigo 33.	13
Artigo 34.	13
<b>CAPÍTULO VI. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.</b>	13
Artigo 35.	13
Artigo 36.	13
Artigo 37.	14
Artigo 38.	14
Artigo 39.	14

# **CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO**

## **Artigo 1.**

Constitúese a Asociación Biodiversidade, entidade ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro. A Asociación disporá de personalidade xurídica suficiente para adquirir, posuír e distribuír toda clase de bens, celebrar contratos, obrigarse e exercitarse en tódalas accións xudiciais, legais e privadas que se consideren necesarias para o desenvolvemento e cumprimento dos seus fins.

## **Artigo 2.**

Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

## **Artigo 3.**

A existencia desta asociación ten como obxectivos principais:

- 1) Fomentar o estudo e coñecemento da biodiversidade (flora, fauna e restantes organismos, das relacións que establecen entre si e dos seus hábitats), especialmente co fomento da participación cidadá a través de plataformas tecnolóxicas en xeral e coa plataforma [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu) en particular.
- 2) Colaborar con entidades científicas, grupos ambientalistas, conservacionistas, naturalistas e de custodia do territorio, ou que interveñan na sociedade en ámbitos relacionados directa ou indirectamente co medio ambiente, administracións públicas, centros educativos e entidades de diverso tipo e redes con obxectivos semellantes en programas e proxectos relacionados coa natureza e o seu coñecemento e estudo.
- 3) Colaborar na denuncia das agresións medioambientais rexistradas no noso entorno e na resolución dos seus problemas de forma participada e cívica.
- 4) Realizar, organizar e/ou promover actividades dirixidas a coñecer a biodiversidade, particularmente a galega e portuguesa, mais tamén con interese nos diversos territorios do occidente ibérico, sempre baixo as máis estritas normas éticas de respecto á natureza.
- 5) Colectivizar o coñecemento xerado nas actividades, poñendo en común a información xerada, e contribuír á construción dunha sociedade menos vulnerable ante a degradación ambiental, creando unha conciencia social sobre a importancia da conservación da natureza.
- 6) Promover estudos de investigación e proxectos dirixidos á conservación e recuperación do patrimonio natural, con particular dedicación a aquelas especies e hábitats ameazados e/ou legalmente protexidos e recollidos en catálogos ou listados de rango autonómico, estatal ou internacional.
- 7) Promover o estudo e inventariado do patrimonio histórico-cultural ligado ao patrimonio natural, tanto material como inmaterial

8) Impulsar e colaborar con iniciativas de custodia do territorio, creación e xestión de microrreservas e outras figuras de espazos naturais protexidos, como ferramentas para a conservación do patrimonio natural de Galiza.

9) Favorecer e fomentar o desenvolvemento e implementación de novas funcionalidades e aplicacións na plataforma web que puideran ser desenvolvidas por outras entidades, grupos de traballo ou de investigación, ou usuarios que empreguen a plataforma web como base e ferramenta para a execución de proxectos propios e soliciten a implementación de novas funcionalidades, sendo necesaria nestes casos a aprobación do consello directivo da asociación ou, no seu caso, da asemblea xeral.

## **Artigo 4.**

Para atinxir estes fins serán realizadas as seguintes actividades:

1) Manter e promover o desenvolvemento da plataforma web, [www.biodiversidade.eu](http://www.biodiversidade.eu), como eixo de incorporación de información sobre a biodiversidade galega, portuguesa e outros territorios do occidente ibérico, sen prexuízo de incorporar información doutras zonas ibéricas e áreas relacionadas. Do mesmo xeito, a páxina web servirá como espazo de comunicación de novas actividades que se realicen no ámbito de actuación da entidade.

2) Organizar e/ou fomentar a realización de conferencias, exposicións, cursos, seminarios, saídas de campo ou calquera outra actividade que axuden a comprender e/ou divulgar o coñecemento do entorno natural e a defensa da biodiversidade.

3) Desenvolver unha comisión científica, que vele pola calidade da información existente na plataforma web e polo cumprimento dos valores éticos por parte da Asociación e das persoas asociadas.

4) Establecer mecanismos para a obtención de fondos que permitan o desenvolvemento das actividades, a través da participación en convocatorias públicas abertas e/ou a través do concerto con organismos públicos e/ou privados.

5) Asinar convenios coa administración, entidades privadas ou empresas para o desenvolvemento de proxectos que coincidan cos obxectivos da Asociación.

6) Organizar encontros que fomenten a participación da cidadanía e o seu achegamento ao medio natural mediante a chamada “ciencia cidadá” e a organización de actividades a través de voluntariado.

7) Organizar cursos e participar en actividades de formación do profesorado, desempregados/as e colectivos con diferenzas funcionais físicas e psicolóxicas, así como sectores con risco de exclusión social. Poderá desenvolver tamén actividades relacionadas coa educación ambiental, con especial atención á mocidade e desempregados/as como poboación obxectivo.

8) Facer campañas de captación de fondos para soste, ou implementar modificacións na plataforma web.

9) Fomentar os acordos de colaboración ou convenios con socios, promotores particulares, asociacións, grupos de investigación ou entidades, que no desenvolvemento dos seus proxectos propios podan contribuír ao mantemento, desenvolvemento e/ou fomento da plataforma web, sempre e cando así o aprobe o Consello ou, no seu caso, a Asemblea Xeral. Da mesma forma, a asociación poderá decidir nun momento dado facerse signataria ou non deses acordos ou convenios.

## **Artigo 5.**

1) O domicilio principal e permanente da Asociación radicará en Santiago de Compostela, Rúa Quiroga Palacios, 55, 4º, C.P. 15706, Santiago de Compostela e correo electrónico info@biodiversidade.eu

2) Poderanse utilizar sedes asociativas adicionais noutras localidades, mediante resolución do Consello Directivo, que terá atribucións para mudar tanto o domicilio como as sedes, dando conta do seu acordo ao organismo responsable do Rexistro de Asociacións.

3) A Asociación, en función dos seus fins e da localización do seu domicilio social, exercerá preferentemente as súas actividades no ámbito territorial da Galiza, sen prexuízo de poder desenvolver actividades fora deste espazo declarado, particularmente no occidente ibérico.

## **Artigo 6.**

1) A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos na lexislación vixente e no resto do ordenamento xurídico.

2) A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme os presentes Estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

# **CAPÍTULO II. DAS PERSOAS ASOCIADAS**

## **Artigo 7.**

1) Pode ser membro da Asociación Biodiversidade, calquera persoa física ou xurídica, con capacidade para obrar ou tras o acordo do órgano competente da persoa xurídica, interesada no coñecemento do medio natural e conservación da biodiversidade e nos obxectivos da asociación.

2) Inscripción das persoas físicas:

a) Para asociarse á Asociación Biodiversidade, será necesario cubrir unha folla de inscrición dixital, dispoñible no portal web, e aboar a cota de asociado.

b) Aprobada a incorporación polo Consello Directivo, a persoa será inscrita no Libro de Asociados, adquirindo así a condición de membro da Asociación, coa necesidade de ser ratificado pola Asemblea Xeral.

3) Inscripción das persoas xurídicas:

a) As persoas xurídicas cuxos órganos de goberno acordaran asociarse á Asociación Biodiversidade, cubrirán a folla de inscrición e proporcionarán os datos necesarios para a cobranza da cota. Unha vez recibida a petición polo Consello Directivo, este resolverá sobre a incorporación, e, ser for o caso, procederá á inscrición no Libro de Asociados, coa necesidade de ser ratificado pola Asemblea Xeral.

b) A cota de persoa xurídica asociada será como mínimo o duplo da cota ordinaria anual.

c) As persoas xurídicas serán representadas na Asemblea pola persoa física que o seu órgano reitor determine. Se está condición recae nun membro da Asociación, esta disporá de dous votos e computará a tódolos efectos como dúas persoas presentes na Asemblea.

d) A cota mínima poderá ter un valor económico simbólico.

## **Artigo 8.**

Dentro da Asociación poderán existir as seguintes categorías de membros:

- 1) Numerarios/ as: As persoas físicas necesitan ter a capacidade de obrar e non estar suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- 2) Xuvenís: Os menores non emancipados de máis de catorce anos co consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade
- 3) De honra: persoas físicas con capacidade de obrar e non estar suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio do dereito, que, a xuízo da Asemblea Xeral, contribúan de modo notable para o desenvolvemento dos fins da Asociación.
- 4) As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

## **Artigo 9.**

A Asemblea Xeral ordinaria establecerá as cotas económicas que deben sufragar os asociados, así como as datas de cobro e o modo de realizalo.

## **Artigo 10.**

Son dereitos das persoas asociadas:

- 1) Pedir e obter calquera información relacionada coa vida asociativa e en particular: copia dos presentes estatutos, información sobre a composición dos órganos, resolucións adoptadas polos órganos, actividades da Asociación e estado económico.
- 2) Participar nas Asembleas con voz e voto.
- 3) Ocupar cargos no Consello ou formar parte das Comisión que se organicen.
- 4) Tomar parte en aquelas actividades que organice a Asociación, para cumprir os seus fins e desfrutar das vantaxes e beneficios que da asociación poida obter.
- 5) Facer suxestións aos membros do Consello co obxectivo de mellorar o cumprimento dos fins da Asociación.

## **Artigo 11.**

1) Os membros de honra, salvo que tamén figuren na lista de persoas asociadas numerarias, e socios xuvenís poderán asistir ás Asembleas Xerais con voz, mais sen voto.

2) Os membros de honra, salvo que tamén figuren na lista de persoas asociadas numerarias, e menores de 18 anos e entidades non serán elixíbeis para o Consello.

## **Artigo 12.**

Son deberes dos membros da Asociación:

- 1) Prestar cantos servizos determinen os Estatutos e os acordos das Asembleas Xerais.
- 2) Desempeñar os cargos para os cales sexan elixidos.

## **Artigo 13.**

Deixarán de ser membros da Asociación:

- 1) As persoas que voluntariamente así o fixeran constar por escrito dirixido ao Consello.
- 2) As persoas que non paguen a cota durante dous anos.
- 3) As persoas que realizen accións que prexudiquen gravemente a imaxe e os intereses da Asociación, e non cumpran os valores éticos da mesma. O procedemento desenvólvese no regulamento interno e/ou por decisión da Asemblea Xeral.
- 4) As persoas suxeitas a expediente disciplinar.

## **Artigo 14.**

- 1) A expulsión de membros da Asociación será resolta polo Consello, previa audiencia da persoa interesada. A resolución da expulsión deberá ser ratificada pola Asemblea Xeral extraordinaria.
- 2) Cando a baixa se producise por vontade dun membro, este deberá realizar unha petición escrita.

# **CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

## **Artigo 15.**

A dirección e a administración da Asociación serán exercidas polo Consello Directivo e pola Asemblea Xeral. Na estrutura organizativa da Asociación tamén se integran, como órganos de carácter técnico, a Comisión Científica e outras Comisións ou áreas de traballo que se puideran crear.

## **A. CONSELLO DIRECTIVO**

### **Artigo 16.**

- 1) Os cargos do Consello directivo serán elixidos en Asemblea Xeral ordinaria e renovados cada catro anos, sendo por tanto a duración do mandato será de catro anos. Poderán ser reelixidos. Cando por dimisión, ausencia, baixa ou outra causa dése na Xunta Directiva máis de catro vacantes, no prazo de trinta días convocaríase unha Asemblea Xeral Extraordinaria para cubrilas.
- 2) Cargos do Consello: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesouraría e, opcionalmente, unha ou máis Vogalías.
- 3) De acordo coa lexislación vixente, os membros do Consello poderán recibir retribucións en función dos seus cargos se a Asemblea considera que os seus labores fan necesaria esta retribución. O montante de tales retribucións deberá constar nos Orzamentos Anuais aprobados en Asemblea Xeral. Da mesma maneira, outras persoas inscritas no libro de

socios da asociación tamén poderán ser retribuídas por desempeñaren traballos dentro da mesma necesarios para o desenvolvemento da asociación.

3) Os membros do Consello teñen dereito a ser reembolsados dos custes económicos causados polo exercicio dos seus cargos, desde que sexan debidamente xustificadas.

## **Artigo 17.**

Son funcións do Consello Directivo:

- 1) Programar e dirixir as actividades asociativas.
- 2) Crear, manter, reestruturar ou suprimir as Comisións ou áreas de traballo para o bo funcionamento da Asociación e supervisar a súa actividade.
- 3) Os membros do Consello presidirán as comisións que o propio Consello resolva constituír; este poderá tamén delegar a presidencia nun membro da Asociación.
- 4) Elaborar un regulamento de réxime interno, o cal deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria.
- 5) Levar a xestión administrativa e económica da Asociación.
- 6) Someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual, así como o estado de contas do ano anterior.
- 7) Estabelecer as cotas ordinarias e extraordinarias que fosen aprobadas.
- 8) Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
- 9) Supervisar dun modo xeral os traballos das diversas comisións existentes, con vista á divulgación social dos seus resultados, así como dar suxestións para favorecer a actividade das mesmas.
- 10) Convidar a membros da asociación que estean a desenvolver actividades para a mesma a participar con voz, mais sen voto, nas reunións do Consello.
- 11) Exercer cantas funcións non foran expresamente atribuídas á Asemblea Xeral ou que esta lle transfira.

## **Artigo 18.**

- 1) O Consello realizará as súas sesións cantas veces determine a Presidencia ou a Vicepresidencia, por iniciativa propia ou solicitado por calquera dos seus compoñentes.
- 2) O Consello será presidido polo/a presidente/a ou, na súa ausencia, polo/a vicepresidente/a ou Secretario/a, por esta orde.
- 3) En ausencia de consenso, para que as resolucións do Consello sexan válidas, deberán ser adoptadas pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a presenza, polo menos, da metade máis un dos seus membros do Consello. No caso de empate, decidirá o voto do cargo que presida a sesión.
- 4) As actas das sesións serán recollidas no libro de actas pola persoa responsable da Secretaría ou, na súa ausencia, pola da Vicepresidencia ou a persoa asistente que se designar.



# **B. ATRIBUCIÓNS DOS CARGOS DO CONSELLO**

## **Artigo 19.**

A Presidencia do Consello asume a Presidencia da Asociación e a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados polo Consello Directivo e a Asemblea Xeral, presidindo ás sesións que celebren ambos órganos.

O Presidente ou Presidenta será designado/a pola Asemblea Xeral de entre os membros numerarios que tiveran, polo menos, un ano de antigüidade e o seu mandato durará un máximo de catro anos, renovable unha vez. Só poderá volver a ser candidato para tal cargo unha vez decorrido, como mínimo, un mandato.

A Presidencia do Consello terá ademais as seguintes atribucións:

- 1) Presidir e levantar as sesións que realice o Consello e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberación de un e outra, decidindo co voto de calidade en caso de empate.
- 2) Propor o plano de actividades da Asociación ao Consello, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- 3) Ordenar os pagamentos e cobros acordados validamente.
- 4) Representar a Asociación ante calquera organismo público ou privado ou designar unha persoa asociada para exercer funcións representativas.
- 5) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Asociación, xunto con o membro do Consello a quen corresponda a elaboración do documento do que se trate.

## **Artigo 20.**

A Vicepresidencia poderá asistir nas súas funcións á Presidencia e substituíla en caso de ausencia e/ou doenza.

## **Artigo 21.**

A Secretaría recibirá e tramitará os requirimentos de ingreso; xestionará o ficheiro e o libro de rexistro de membros; terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Asociación; notificará as convocatorias, custodiará as actas e expedirá certificacións destas co visto da Presidencia.

## **Artigo 22.**

A Tesouraría recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación; dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida a Presidencia; dirixirá a contabilidade da Asociación; tomará razón e levará conta dos ingresos e gastos asociativos e participará en tódalas operacións de orde económica; tamén, levará o inventario dos bens da Asociación.

A Tesouraría ten a obriga de proceder ao peche do exercicio económico a 31 de decembro de cada ano.

## **Artigo 23.**

As Vogalías terán as atribucións que lles foran encomendadas polo Consello.

# **C. ASEMBLEA XERAL**

## **Artigo 24.**

1) A Asemblea Xeral dos membros é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma.

2) O Consello Directivo elaborará a orde do día de cada Asemblea. Na convocatoria da Asemblea figurará a Orde do Día e estará acompañada dunha sinopse da acta ou actas que correspondesen, podendo as persoas asociadas presentar obxeccións ás mesmas, dirixidas á Secretaría, que poderá facer as modificacións pertinentes.

3) A Presidencia e a Secretaría da Asemblea serán as mesmas que as do Consello. Por necesidades ou urxencia, a Presidencia poderá alterar a orde dos puntos ou incluír algún novo, sempre que a maioría absoluta dos membros presentes non se manifesten en contra. A Secretaría tomará nota da Acta e ordenará as intervencións e debates.

4) O primeiro punto de cada Asemblea será a lectura e/ou aprobación da acta anterior (excepto nas Asembleas electivas). Sempre que o Consello remita o borrador da acta por vía telemática con polo menos 72 horas de prazo, poderá aprobarse (sen necesidade de lectura ao vivo) na Asemblea, excepto se alguén manifestase a súa oposición ou quixer propor modificacións.

5) O Consello, por cuestión de interese ou oportunidade, pode convidar a participar nas Asembleas a persoas físicas e xurídicas que non teñan a condición de asociadas, sen que en ningún caso poidan votar sobre os temas a debate.

6) A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario, no mínimo, unha vez cada ano, e con carácter extraordinario cantas veces o determine o Consello, ou cando o soliciten o 25 % dos membros da Asociación. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia, autorizado coas sinaturas das persoas requirentes, e no cal se expoña o motivo da convocatoria e orde do día da reunión. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de prazo pola Presidencia do Consello.

7) Para que as asembleas poidan adoptar resolucións, elas integranse polos membros asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria, ou, decorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

8) Os acordos adoptados deberán contar co voto afirmativo da maioría simple das persoas asistentes, excepto os relativos á liña f) do artigo 26 e a totalidade do artigo 27, que requiren da maioría de dous terzos. A seguir, as resolucións serán levadas ao Libro de Actas e asinaran o/a presidente/a e o secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión realizada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría.

9) As Asembleas Xerais extraordinarias ou ordinarias poden ser convocadas na mesma data, realizándose unha a continuación doutra.

## **Artigo 25.**

- 1) As resolucións adoptadas conforme os preceptos anteriores obrigarán a toda persoa asociada, mesmo as non asistentes.
- 2) As sesións serán abertas cando así o determine a Presidencia. A seguir, procederase por parte da Secretaría á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada. No caso de ausencia da Presidencia, Vicepresidencia ou Secretaría, a situación será resolvida conforme ao disposto, respectivamente, nos puntos 2 e 3 do artigo 18.
- 3) Posteriormente, a Secretaría procederá á expor a Orde do Día da reunión. Cada punto será exposto polo membro do Consello a quen corresponda, procedéndose á aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia da que se trate.
- 4) Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día, procederase a facer unha quenda de preguntas e suxestións e de adopción de resolucións, após o que a Presidencia levantará a sesión.
- 5) As resolucións que foran contrarias a estes Estatutos ou que infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridas ante a Asemblea Xeral. A partir do recurso de reposición, quedando expedita a vía para se recorrer perante a xurisdición ordinaria.

## **Artigo 26.**

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar a acta da reunión anterior.
- b) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- c) Aprobar o plano de actividades.
- d) Examinar e aprobar as contas e balance do exercicio anterior.
- e) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- f) Exame e aprobación das cotas e decidir sobre o carácter voluntario e obrigatorio das mesmas, coa conseguinte modificación dos Estatutos.
- g) Ratificar as altas e baixas de membros a proposta do Consello.

## **Artigo 27.**

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os Estatutos da Asociación.
- b) Elixir ás persoas que integrarán o Consello Directivo.
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
- d) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
- e) Acordar a disolución da Asociación e designar liquidadores.
- f) Ratificar as expulsións de membros a proposta do Consello.
- g) Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- h) Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
- i) As que, sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade non podan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
- l) Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria.

## **D. COMISIÓN CIENTÍFICA**

### **Artigo 28.**

A Comisión Científica é un órgano técnico non decisorio que ten por misións:

- a) Realizar unha proposta de priorización das actividades a desenvolver, en función dos recursos dispoñibles, para atinxir os obxectivos da Asociación.
- b) Elaborar estudos e emitir ditames técnicos sobre os aspectos que afecten á conservación da biodiversidade do ámbito territorial no que actúa a asociación e para os que sexa requirida.
- c) Asesorar cientificamente á Asociación, na edición de materiais que traten sobre a xustificación e divulgación dos valores da nosa biodiversidade.
- d) Representar a Asociación, de conformidade co Consello, en tarefas ou xornadas a realizar con outras entidades adicadas ao estudo e conservación da biodiversidade.
- e) Velar polo rigor científico da información dispoñible na plataforma web.

### **Artigo 29.**

- a) A Comisión Científica da Asociación estará formada, preferentemente, por membros da asociación, con formación e méritos nos campos do naturalismo e da bioloxía, nomeadamente nos de botánica, zooloxía e ecoloxía, ou de calquera disciplina que se considerar relevante para os fins da asociación.
- b) A Comisión Científica poderá propor ao Consello a incorporación de novos membros.
- c) O/a secretario/a da Comisión Científica será electo/a de entre os membros da Comisión, e desempeñará a función de manter a comunicación co Consello Directivo, proporcionando información sobre a marcha dos traballos encomendados.

## **CAPÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 30.**

- 1) A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado pola Tesouraría da Asociación, que deberá telo preparado antes da data da convocatoria de Asemblea, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.
- 2) A Asociación, no momento de iniciar as súas actividades, non disporá de ningún patrimonio económico.

### **Artigo 31.**

A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas ordinarias ou extraordinarias dos membros da Asociación, que non son reintegrables en caso algún.
- b) As doazóns recibidas para o fomento da actividade da plataforma web.
- c) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

## **Artigo 32.**

Para dispor de fondos das entidades bancarias onde a Asociación os tivese depositados, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a presidente/a e o/a tesoureiro/a, para a utilización conxunta deles.

## **Artigo 33.**

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os membros da Asociación os recursos obtidos pola Asociación.

# **CAPÍTULO V. DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

## **Artigo 34.**

O regulamento de réxime interno desenvolvera as materias relativas as sancións e réxime electivo e aquelas materias non incluídas directamente nos presentes Estatutos, as cales en ningún caso contrariarán o estipulado nos mesmos nin no ordenamento xurisdiccional civil.

# **CAPÍTULO VI. MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.**

## **Artigo 35.**

Os presentes Estatutos poderán ser modificados por iniciativa do Consello ou dun cuarto dos membros da Asociación. A correspondente convocatoria de Asemblea Xeral extraordinaria será acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera membro poda dirixir á Secretaría propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización de aquela.

## **Artigo 36.**

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos, será necesario o voto favorable, como mínimo, de dous terzos dos membros da Asemblea Xeral de socios e socias.

## **Artigo 37.**

A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por vontade das persoas asociadas, manifestada polas dúas terceiras partes delas.
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Por sentenza xudicial.

## **Artigo 38.**

Resolvida a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres persoas asociadas que serán as liquidadoras, as cales, xunto a Presidencia e a Tesouraría, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

## **Artigo 39.**

O haber resultante unha vez efectuada a liquidación será doado unha ou varias Asociacións non lucrativas e da Galiza que teña os mesmos ou similares fins desta Asociación.

O xustificante de doazón será presentado no Rexistro de Asociacións, correspondente para proceder a inscrición da disolución da Asociación.